
Todos somos invitados a saír da propia comodidade e achegarnos ás periferias que precisan da luz do Evanxeo (20).

Unha Igrexa en saída é unha Igrexa de portas abertas (46).

A Igrexa non evangeliza se non se deixa evangelizar primeiro (174).

Papa Francisco, Exhortación Apostólica
Evangelii Gaudium (A lelicia do Evanxeo)



Catedral de Mondoñedo


A nosa Igrexa de Mondoñedo-Ferrol en canto igrexa particular comparte coa Igrexa Universal a Misión que o Señor lle confiou:

Ide e facede discípulos meus a a tódolos pobos, bautizándoos no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo e ensinándolles a gardar canto Eu vos mandei. Asegúrovos que Eu estarei sempre convosco ata a fin do mundo.

DIOCESE DE MONDOÑEDO-FERROL
VICARÍA PARA A EVANXELIZACIÓN
vic.evangelizacion@mondonedoferrol.org

www.mondonedoferrol.org

ESCOLA DIOCESANA DE EVANXELIZACIÓN



Para ser discípulos misioneiros

*A colleita é boa,
pero os traballadores son poucos*
Mt 9,37

*Elixiuos para estar con El
e para envialos a predicar*
Mc 3,14





Para quen son?

CULTURA VOCACIONAL

Primeira proposta para empezar a nosa
Escola Diocesana de Evanxelización
neste Ano 2024-2025

21 de Novembro
ás 20 horas no

Local de Pastoral Xuvenil
(Rúa Magdalena 155 - 15402 Ferrol)

Información

vic.evanxelizacion@mondonedoferrol.org

ESCOLA DIOCESANA DE EVANXELIZACIÓN

Trátase dun *Plan de Formación para a Misión*,
en orde a enfortecer a nosa identidade cristiá e eclesial
e reavivar o noso compromiso de anunciar a alegría do Evanxeo



OBXECTIVO

Trátase de que en cada Unidade Pastoral ou parroquia haxa un espazo para a formación cristiá dos adultos, de xeito que poidan compartir a súa vida e maila súa fe e dar así razón da súa esperanza. Terá que ser un lugar para o encontro e o diálogo, donde se poida compartir a oración desde a experiencia da vida de xeito que todos nos sintamos chamados a construír cada día o Reino de Deus no medio do mundo.



Obxectivo: Acadar un espazo de formación para os adultos



Destinatarios: leigos, relixiosos e sacerdotes

DESTINATARIOS

Os destinatarios somos tódolos que formamos a nosa Igrexa de Mondoñedo-Ferrol: leigos, relixiosos e sacerdotes. Todos somos chamados para ser discípulos misioneiros e, polo tanto, todos podemos participar aportando o que é específico de cada vocación e contribuíndo a espallar o Evanxeo, que é a vocación da Igrexa enteira e de cada cristián.



O Evanxeo de Xesús debe guiarnos sempre



*Momento 1
Desafío e diálogo*

O XEITO DE FACELO

Organizáremonos en pequenos grupos e teremos diversos momentos de encontro:

1. Presentación do desafío e diálogo (Momento 1)
2. Oración desde o Evanxeo (Momento 2)
3. Discernimento e compromiso (Momentos 3 e 4)



*Momento 2
Oración desde o Evanxeo*



*Momentos 3 e 4
Discernimento e compromiso*